



Confederación Intersindical Galega

ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

**Provisión de postos e mobilidade xeográfica:
sentenza Panel CTH 2012**

No día de onte tivemos unha xuntanza para analizar a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Baleares que determina a anulación da adxudicación das prazas do Panel de mobilidade do CTH do ano 2012.

A Administración argumenta que a oferta de prazas a través dos "Paneles" véñense convocando pola flexibilidade que permiten e que, ademais, facilitan unha adxudicación máis áxil que un concurso e posibilitan ofertar as prazas de difícil acceso ou de urxente cobertura á xente da AEAT antes de que se incorporen as promocións de novo ingreso. Tamén entenden que a figura do Panel non é algo que esté fóra da lei, xa que tamén hai sentenzas a favor da Administración.

Sexa o que sexa, o certo é que un tribunal de xustiza dictaminou que o procedemento de mobilidade por Panel ten que modificarse, e así permitir que os compañeiros que participen teñan todas as garantías legais. En canto a execución desta sentenza, a **CIG**, xunto coa parte social pediu que a AEAT busque o xeito de que ningún adxudicatario (son 42 compañeiros do CTH) se poida ver prexudicado e que, desde logo, non se lles faga volver ao destino orixinario que ocupaban.

A AEAT manifestounos que se buscará unha nova fórmula na que haxa un total consenso coa parte social e total seguridade xurídica polo que quedamos convocados en 15 días onde teremos un borrador de traballo, polo que quedamos dispostos en mandarlle todas as nosas suxestións.

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

mariacarmen.ares@correo.aeat.es